



Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro de SumaRibeira diríxese ao Alcalde e Corporación Municipal para que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno municipal a Proposición seguinte:

### **Conservación e universalización do tránsito na Senda do Río Sanchanás**

Facémonos eco con esta proposición das queixas que nos achegaron varias veciñas sobre o estado no que se encontra a senda peonil do Río Sanchanás (tamén chamado Artes ou Arlés). Queixas que consideramos xustificadas e razoables.

Este fermoso paseo discorre pola beira do río máis importante do noso concello, o Río Sanchanás, transitado por centos de persoas nativas e foráneas sobre todo durante a época primaveral e de verán, e cuxo ambicioso proxecto foi incluído no denominado Ribeira Atlántica, sendo inaugurado no 2016 .

En SUMA RIBEIRA valoramos moi positivamente a posta en valor de rutas peonís, e especialmente cando potencian o contacto co entorno natural, neste caso por unha das paisaxes máis fermosas da nosa contorna, constituíndo tamén un importante atractivo máis para as visitantes do noso concello.

Temos recibido queixas de usuarias e potenciais usuarias que non a poden utilizar debido á deficiente conservación e zonas inaccesibles desta senda. Queixas que recentemente se viron incrementadas.

O tramo que discorre entre a ponte de Artes ata o Muiño da Correa pódese considerar o que esta mellor conservado, aínda que necesita algunhas melloras, como repoñer carteis informativos , cortar algunhas ramas que invaden o camiño ou a limpeza máis asidua do acceso dende o Centro Recreativo de Artes ata o Río, que o ano pasado chegou a estar intransitable por mor da maleza, tendo que pasarlle o seu tractor un veciño para que puidera ser utilizalo. Este tramo posibilita o seu desfrute ás usuarias de cadeiras de rodas.

O tramo dende a Ponte de Oleiros ata o lavadoiro encóntrase en peor situación , hai grandes fochas no camiño debidas ao deterioro do terreo, o que fai tamén que cando chove existan grandes pozas. Asemade, as madeiras dos bordes están rotas (aínda hai pouco había árbores caídas no camiño impedindo o paso). Os carteis informativos están deteriorados ou rotos, onde había papeleiras, lamentablemente, algunhas usuarias deixan o lixo tirado, e alí fica sen retirar. Loxicamente, por este tramo e imposible o paso a persoas en cadeira de rodas, ou con diversidade funcionais que lle ocasionen dificultades locomotrices.

O tramo seguinte en sentido ascendente, que discorre dende o lavadoiro de Oleiros ata Balteiro, é unha senda peonil estreita que en moitos tramos non permite o paseo en paralelo de dúas persoas, e que precisa dunha actuación que o equipare no posible



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000D12EE00P2D6N7H4H0U5 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

CONCELLO DE RIBEIRA-SELLO ELECTRÓNICO - 11/04/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/04/2022 02:01:17  
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA GENERAL 2022 6980 - 11/04/2022 02:01

ENTRADA: 20226980  
Fecha: 11/04/2022  
Hora: 02:01  
Und. reg:GENERAL

CSV: 07E6000D12EE00P2D6N7H4H0U5



aos tramos anteriores, cunha anchura suficiente para dúas persoas, e un firme que facilite o seu disfrute coa maior universalidade posible. Para elo este tramo precisaría da instalación progresiva de tres pontes, as dúas situadas antes e despois do Muiño de Oubiña as consideramos urxentes, pois actualmente o paso resulta perigoso, ocorrendo con certa frecuencia que ao pasar por esa zona se producen caídas ao río, non exentas de perigo. Por certo, unha das ponte estaba prevista no proxecto inicial e non se levou a cabo.

Propoñemos tamén que se aproveite a reposición de carteis informativos para dotalos de soportes gráficos que faciliten o acceso tanto a información básica da ruta como a información máis especializada (especies vexetais e o seu recoñecemento, etnografía, grao de dificultade e de accesibilidade das distintas zonas, ...).

Para avanzar na consecución do exposto solicitamos ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Reparar coa maior brevidade posible os deterioros que presenta a Senda Peonil do Río Sanchanás.
- 2.- Elaborar un proxecto técnico relativo ás posibilidades de que a senda acade os máis altos estándares de accesibilidade en todo o seu percorrido, solicitando os permisos necesarios para executalo.
- 3.- Dotar á senda de carteis informativos nos que se inclúan enlaces e códigos "QR" que faciliten información ampla e diversa sobre a ruta.
- 4.- Na difusión de información das rutas municipais se incluírá información pormenorizada sobre as súas características de accesibilidade.

Asinado: Xurxo Ferrón Vidán

Concelleiro de SumaRibeira.

En Ribeira, a dez de Abril de 2022.

P.D: achéganse fotos sobre os pasos do río onde propoñemos as pontes. A denominada "Foto 2" corresponde ao lugar onde estaba prevista a ponte no proxecto inicial citado.

